



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Psicoloxía do desenvolvemento de 0 a 6 anos	Código	652G01004	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	Dumitru , Adina Claudia	Correo electrónico	adina.dumitru@udc.es	
Profesorado	Dumitru , Adina Claudia	Correo electrónico	adina.dumitru@udc.es	
	Fernández Fernández, María Pilar		pilar.fernandez1@udc.es	
	González Fernández, María Dolores		m.d.gonzalez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia xunto coa "Psicoloxía da aprendizaxe en contextos educativos" configuran o Módulo de Formación Básica do Título: Procesos educativos, aprendizaxe e desenvolvemento da personalidade de 0 a 6 anos (Orden ECI/3854/2007, do 27 de decembro).</p> <p>O núcleo de competencias básicas trata do coñecemento do desenvolvemento da psicoloxía evolutiva da infancia nos períodos de 0 a 3 e de 3 a 6 anos, en concreto nos dominios psicomotriz, cognitivo, lingüístico, social e afectivo-emocional.</p> <p>Esta materia é ?English Friendly?:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. É impartida nunha lingua inicial (Galego ou Castelán) 2. Facilitaranse materiais de aprendizaxe en inglés ao alumnado internacional. 3. As titorías poderanse desenvolver en inglés. 4. O exame e presentación de traballos poderanse realizar en inglés. 5. O alumnado internacional terá a oportunidade de facer presentacións na aula en inglés. 			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer, comprender e valorar o coñecemento científico aportado desde a Psicoloxía do Desenvolvemento ao estudo dos procesos de cambio comportamental que se producen nos seres humanos como resultado de procesos de crecemento, desenvolvemento, experiencias vitais significativas (denominado xenericamente cambio evolutivo).	A2		
Coñecer e comprender a evolución psicolóxica das nenas e dos nenos no nivel educativo de infantil, é dicir, na primeira (0-3) e segunda infancia ou nenez temperá (3-6 anos)	A2 A3 A4 A15		
Coñecer e identificar as principais características psicoevolutivas do alumnado de educación infantil nas súas dimensións ou dominios cognitivo e social-relacional e a súa interrelación e continuidade.	A2 A3 A4 A15		
Identificar e analizar algunhas das características psicoevolutivas do alumnado na etapa de educación infantil, a través da observación, de autoinformes e estudos clínicos.	A2 A4	B1 B5 B11	
Planificar e realizar tarefas de forma crítica e creativa, como froito dun pensamento diverxente.		B24	C6



Manexar ferramentas informáticas e utilizar distintos recursos da rede para a procura de información.		B1 B5 B11	C6 C7
Elaborar táboas, perfís, cadros para a presentación de datos, puntuacións ou información.		B1 B11	
Elaborar informes de forma sistemática e planificada a partir de datos obtidos da aplicación de cuestionarios u observación.	A4	B1 B5 B24	C6
Entender o carácter interactivo do proceso de ensino/aprendizaxe nas situacións educativas, e en consecuencia valorar a asistencia á clase como o contexto en que se materializará o mesmo.		B1 B5 B24	
Valorar a participación, o diálogo e o debate, cunha actitude de respecto, tanto cara ás quendas como ás ideas, como formas de implicación activa e compromiso coa aprendizaxe.		B1 B5 B24	C6 C7
Sensibilizarse, comprometerse activamente, responsabilizarse e avaliar o propio proceso de aprendizaxe, desenvolvendo hábitos de traballo, esforzo, responsabilidade e actitudes de curiosidade, rigor científico e interese pola aprendizaxe e o traballo ben feito.		B1 B5 B24	C6 C7
Desenvolver técnicas e actitudes favorábeis á cooperación, coparticipación, compromiso e intercambio con outras compañeiras e compañeiros e desenvolver formas de conversación e pensamento exploratorias que favorezan a comprensión e construción do coñecemento.		B1 B5 B24	C6 C7
Recoñecer e valorar as diferenzas individuais rexeitando a discriminación baseada en diferenzas de sexo, clase social, crenzas, raza e outras características individuais e sociais. Aceptar e valorar a diversidade		B5 B24	
Desenvolver actitudes favorábeis ao desenvolvemento sotibel			C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O DESENVOLVEMENTO NA EDUCACIÓN INFANTIL	1. A Psicoloxía do Desenvolvemento 1.1. Obxecto de estudo da Psicoloxía do Desenvolvemento 1.2. Procesos e etapas do desenvolvemento durante a vida 1.3. Determinantes do desenvolvemento 1.4. Deseños básicos para a investigación evolutiva 2. A educación infantil 2.1. Fins e obxectivos da educación infantil 2.2. O currículo na educación infantil 2.3. As competencias básicas en educación infantil



2. DESENVOLVEMENTO PSICOMOTOR	<ol style="list-style-type: none">1. Introducción2. O desenvolvemento físico3. Desenvolvemento psicomotriz na primeira infancia<ol style="list-style-type: none">3.1. Sistemas para actuar no mundo: Os reflexos3.2. Sistemas para recibir información: Os sentidos3.3. Sistemas para transmitir información: O pranto e o sorriso3.4. A motricidade4. Desenvolvemento psicomotriz na segunda infancia<ol style="list-style-type: none">4.1. Progresos na psicomotricidade grossa4.2. Progresos na psicomotricidade fina4.3. Estabelecemento da preferencia lateral4.4. O corpo como esquema4.5. O ton muscular4.6. A estruturación do espazo e do tempo
3. DESENVOLVEMENTO COGNITIVO	<ol style="list-style-type: none">1. Introducción2. O Desenvolvemento da atención3 O Desenvolvemento da memoria4. O Desenvolvemento da intelixencia<ol style="list-style-type: none">4.1 Inteligencia sensorio-motriz4.2 Inteligencia pre-operacional5. Implicacións educativas para a etapa
4. ADQUISICIÓN E DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE	<ol style="list-style-type: none">1. Introducción2. Adquisición e desenvolvemento da linguaxe nos dous primeiros anos<ol style="list-style-type: none">2.1. Etapa prelingüística2.2. Etapa lingüística2.3 . Aspectos que favorecen a adquisición da linguaxe3. Desenvolvemento da linguaxe a partir dos dous anos<ol style="list-style-type: none">3.1. Introducción3.2. Adquisición dos sons da lingua: desenvolvemento fonolóxico3.3. Adquisición do significado das palabras: desenvolvemento semántico3.4. Adquisición das regras de organización das palabras: desenvolvemento morfosintáctico3.5. O coñecemento acerca da linguaxe4. Implicacións educativas para a etapa
5. DESENVOLVEMENTO AFECTIVO-EMOCIONAL E DA PERSONALIDADE	<ol style="list-style-type: none">1. Introducción2. Desenvolvemento persoal, afectivo-emocional e social na primeira infancia<ol style="list-style-type: none">2.1. A construción da identidade persoal2.2. O desenvolvemento afectivo-emocional2.3. O desenvolvemento social3. Desenvolvemento persoal, afectivo-emocional e social na segunda infancia<ol style="list-style-type: none">3.1. A construción da identidade persoal3.2. O desenvolvemento emocional e moral3.3. O desenvolvemento social4. Implicacións educativas para a etapa



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A2 B5 B24	3	0	3
Sesión maxistral	A2 A4	15	0	15
Proba obxectiva	A2 A4	2	0	2
Traballos tutelados	A2 A3 A4 A15 B1 B5 B11 B24 C4 C6 C7	18	60	78
Investigación (Proxecto de investigación)	A2 A4 B1 B5 B11 C6 C7	4	38	42
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levarán a cabo antes de iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar. Presentación da materia.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais (presencial ou virtualmente) e a introdución de algunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de introducir e presentar os coñecementos de cada tema e facilitar a súa aprendizaxe.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado baixo a tutela da profesora (de forma presencial ou virtualmente). Trátase de actividades de orientación-execución e de demostración-práctica a fin de que o alumnado comprenda significativamente a información relativa ao desenvolvemento na etapa de 0 a 6 anos e a integre na súa estrutura de coñecementos.
Investigación (Proxecto de investigación)	Proceso de ensinanza (presencial ou virtualmente) orientado a facilitar a construción expansiva do coñecemento mediante a realización de actividades prácticas (informes psiconevolutivos/artigos de investigación) baseadas na identificación, análise e estudo algunhas das características psiconevolutivas do alumnado de infantil a través da observación participativa, de autoinformes e de estudos clínicos. Todo isto farase a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Investigación (Proxecto de investigación)	A atención personalizada realizarase tanto no escenario da aula como en tutorías. Consistirá en guiar e tutelar o proceso da aprendizaxe dos grupos de traballo nas distintas actividades de tipo práctico e na elaboración dos informes pertinentes. Todo isto farase coa finalidade de facilitar que o alumnado comprenda significativamente a información, a integre na súa estrutura de coñecementos e se implique activamente.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	A2 A3 A4 A15 B1 B5 B11 B24 C4 C6 C7	Informe y presentación do traballo individual e grupal realizado para a elaboración de actividades de orientación-execución e de demostración-práctica. Este informe entregárase a través da plataforma virtual Moodle da Universidade da Coruña. Na Modalidade B de avaliación estes traballos serán obxecto de avaliación a través de preguntas na proba obxectiva.	20
Proba obxectiva	A2 A4	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas. Evaluárase a adquisición dos conceptos chave da asignatura. O examenrealízase via Moodle de xeito presencial. O alumnado terá que traer un dispositivo portátil coa conexión a Moodle.	50
Investigación (Proxecto de investigación)	A2 A4 B1 B5 B11 C6 C7	Trátase de identificar, analizar e estudar algunhas das características psicoevolutivas dunha pequena mostra de alumnado de infantil e elaborar informes/artigos psicoeducativos, a partir da observación participativa ou da aplicación de probas, en base aos datos obtidos (ou proporcionados no caso de que non se poida acudir aos centros escolares). Todo isto farase a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. Este informe entregárase a través da plataforma virtual Moodle da Universidade da Coruña.	30

Observacións avaliación



1ª CONVOCATORIA. 1ª OPORTUNIDADE

Dependendo da asistencia continuada ou non as clases, hai dúas modalidades de seguir a materia de ?Psicoloxía do desenvolvemento de 0 a 6 anos? que determinan dous modos diferentes de avaliación: Modalidade A: Avaliación Continua e Modalidade B de Avaliación Final

? Modalidade A .Avaliación Continua. Nesta modalidade levarase a cabo unha avaliación de tipo procesual consistente na realización dunha serie de actividades prácticas de cada tema realizadas en grupo co seguimento periódico das mesmas. Por tanto será obrigatoria a asistencia ás clases (como mínimo o 85% das horas presenciais, é dicir, só se poderá faltar un máximo de 4 módulos no cuadrimestre con ou sen xustificación, en caso contrario deberase optar pola modalidade B), sendo imprescindible ademais a participación activa e continuada por parte do alumnado no grupo de traballo na aula (no caso de non ser así contabilizarase como unha ausencia). Esta avaliación levarase a cabo a partir:

a/ Da presentación por escrito das actividades de grupo de cada un dos temas (traballos tutelados) que suporán un máximo dun 20% da cualificación

b/ Da presentación por escrito das prácticas grupais que se indiquen (investigación/proxecto de investigación) e que suporán un máximo do 30% da cualificación.

c/ A realización da proba obxectiva, coa nota mínima de 5.

Para superar satisfactoriamente a materia será necesario presentar todas as actividades (traballos tutelados) e prácticas (investigación) propostas obtendo en cada unha delas o 50% do peso da cualificación e participar no traballo non presencial como mínimo nun 85% das horas traballadas (participación cualificada polos membros do grupo colaborativo).

A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo (esta cualificación a nivel individual pódese ver afectada polas cualificacións que os membros do grupo fagan do traballo realizado por cada membro).

? Modalidade B . Avaliación Final. Para aquel alumnado que non asista ao 85% das horas presenciais, alumnado repetidor ou con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, a cualificación virá determinada por unha proba final escrita dos contidos teóricos, e da realización e entrega dos traballos de investigación da materia. Esta proba terá un 70 % do peso na avaliación. Os traballos de investigación terán un peso de 30 %.

1ª CONVOCATORIA. 2ª OPORTUNIDADE

- Na Modalidade A. Terase que repetir a parte obxecto de avaliación en que non se acadou o 50% do seu peso na cualificación

- Na Modalidade B. A avaliación realizarase segundo o sinalado para a 1ª oportunidade.

OUTRAS CONVOCATORIAS

Nas restantes convocatorias seguirase a Modalidade B de Avaliación Final, isto é proba escrita dos contidos teórico-prácticos da materia do curso académico correspondente.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.



Bibliografía básica	<p>ADRIAN SERRRANO, J.E. (2008). El desarrollo psicológico infantil: áreas y procesos fundamentales. Castelló de la Plana: Publicaciones de la Universitat Jaume BASSÉDAS, E., HUGUET, T. e SOLÉ, I. (2006). Aprender y enseñar en educación infantil. Madrid: Graó BERGER, K.S. (2007). Psicología del desarrollo: Infancia y adolescencia (7ª ed.). Madrid: Editorial Médica Panamericana BERGER, K.S. e THOMPSON, R.A. (1997). Psicología del desarrollo: Infancia y adolescencia. Madrid: Editorial Médica Panamericana BERK, L.E. (1999). Desarrollo del niño y del adolescente. Madrid: Prentice Hall BERMÚDEZ, M.P. e BERMÚDEZ, A.M. (Eds.) (2004). Manual de Psicología Infantil. Aspectos evolutivos e intervención psicopedagógica. Madrid: Biblioteca Nueva BURMAN, E. (1994). La deconstrucción de la Psicología Evolutiva. Madrid. Aprendizaje Visor CARPINTERO, E. e BELTRÁN, J. (2013). Psicología del desarrollo. Madrid: CEFCONDE PLAZA, D. (2009). Psicología del desarrollo infantil. Málaga: Ediped (Material Audiovisual) CÓRDOBA, A.I.; DESCALS, A. e GIL, M.D. (Coords.) (2006). Psicología del desarrollo en la edad escolar. Madrid: Pirámide CORRAL, A., GUTIERREZ, F. e HERRANZ, P. (1997). Psicología Evolutiva. Tomo I. Madrid: UNED CRAIG, G.J. (2001). Desarrollo psicológico (8ª ed.). México: Prentice Hall DELVAL, J. (1994). El desarrollo humano. Madrid: Siglo XXI DELVAL, J. e UNESCO, I. (1991). La aventura de crecer (material audiovisual) UNESCO, I. (2010). El desarrollo del bebé: cognición, emociones y afectividad. Madrid: Alianza Editorial GARCÍA MADRUGA, J.A. e LACASA, P. (Dirs.) (1990). Psicología evolutiva. 2 Vols. Madrid: UNED GARCÍA MADRUGA, J.A. et al. (2010). Psicología del desarrollo I. Madrid: UNED (libro electrónico) GARCÍA MUÑOZ, A. (2010). Psicología del desarrollo en la etapa de educación infantil. Madrid: Pirámide GIMÉNEZ-DASI, M. et al. (2006). Psicología del desarrollo: addenda, guía didáctica y prácticas. Madrid: UNED GIMÉNEZ-DASI, M. e MARISCAL, S. (Coords.) (2008). Psicología del desarrollo. Desde el nacimiento a la primera infancia. Vol. 1. Madrid: McGraw Hill GÓMEZ ALBO, A. (2010). Unha viaxe pola infancia. Vigo: In Indo Edicións GUTIERREZ, F. e VILA, J.O. (coords.) (2011). Psicología del desarrollo 2. Madrid: UNED KLEIN, L. e HICKMAN, D. (1994). El mundo en pañales (material audiovisual) MAÍLLO, J.M. (2006). Psicología del desarrollo: en una perspectiva educativa. Madrid: CEP MARTÍN, C. e NAVARRO, J.I. (2009). Psicología del desarrollo para docentes. Madrid: Pirámide MARTÍN, C. e NAVARRO, J.I. (Coord.) (2016). Psicología evolutiva en Educación Infantil y Primaria. Madrid: Pirámide MARTÍN SÁNCHEZ, M.V. (2009). Psicología de la educación y del desarrollo en educación infantil. Málaga: Ediped (material audiovisual) MIRAS, F., SALVADOR, M. e ÁLVAREZ, J. (2001). Psicología de la educación y del desarrollo en la edad escolar. Granada: Grupo Editorial Universitario MUÑOZ GARCÍA, A. (2010). Psicología del desarrollo en la etapa de educación infantil. Madrid: Pirámide MUÑOZ TINOCO, V. et al. (2011). Manual de psicología del desarrollo aplicada a la educación. Madrid: Pirámide PALACIOS, J., MARCHESI, A. e COLL, C. (Comps.) (1990). Desarrollo psicológico y educación. I. Psicología Evolutiva. Madrid: Alianza Psicológica PALACIOS, J., MARCHESI, A. e COLL, C. (Comps.) (2002). Desarrollo psicológico y educación. I. Psicología Evolutiva (2ª edic.). Madrid: Alianza Psicológica PAPALIA, D.E., WENDKOS, S. e DUSKIN, R. (2005). Desarrollo Humano (9ª edic.). Madrid: McGraw-Hill PERINAT, A. (2002). Psicología del desarrollo. Del nacimiento al final de la adolescencia. Barcelona: UOC PÉREZ-DELGADO, E. e GARCÍA ROS, R. (2010). Psicología del desarrollo II. Madrid: McGraw-Hill/Interamericana de España (libro electrónico) PERINAT, A. (2007). Psicología del desarrollo: Un enfoque sistémico. Barcelona: UOC PÓVEDA, B. e GRANDE, P. (2013). Psicología del desarrollo. Zaragoza: Stylo Digital RICE, F.P. (2000). Desarrollo humano. Estudio del ciclo vital. México: Prentice Hall RUBIO, R. (1992). Psicología del desarrollo. Madrid: CCSSADURNI, M., ROSTÁN, C. e PLANUGUMÁ, P. (2008). El desarrollo de los niños paso a paso (3ª ed.). Barcelona: UOC SANTROCK, J.W. (2006). Psicología del desarrollo en la infancia (10ª ed.). Madrid: McGraw-Hill SHAFFER, D.R. (1999). Psicología del desarrollo: Infancia y adolescencia (5ª ed). México: Internacional Thomson Editores SILVESTRE, N. e SOLÉ, M.R. (1993). Psicología evolutiva. Infancia, preadolescencia. Barcelona: CEACTHALENBERG, E. (2006). Bebé Humano (material audiovisual) TRIANES, M.V. e GALLARDO, J.A. (Coords.) (2003). Psicología de la educación y del desarrollo. Madrid: Pirámide TRIANES, M.V. e GALLARDO, J.A. (Coords.) (2004). Psicología de la educación y del desarrollo en contextos escolares. Madrid: Pirámide YUSTE, N., GAZQUEZ, J.J. e PÉREZ FUENTES, M.C. (2007-2008). Psicología del desarrollo en la escuela (2 Vols.). Granada: Grupo Editorial Universitario</p>
Bibliografía complementaria	



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

As actividades e prácticas entregaranse vía telemática (a través da plataforma virtual Moodle) para contribuír a un desenvolvemento sostíbel, previr impactos negativos sobre o medio ambiente, e evitar o esgotamento de recursos naturais. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas etc)-Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.-Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías